

De Orde do Excmo. e Magfco. Sr. Reitor, e segundo o acordo da Mesa do Claustro, teño a honra de convocalo á sesión ordinaria do Claustro da Universidade para o vindeiro venres día 5 de maio, ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda convocatoria, no Paraninfo da Reitoría, A Maestranza, de acordo coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior.
2. Aprobación, se proceder, do regulamento do valedor universitario.
3. Memoria de xestión 2005. Informe do Reitor para o Claustro.
4. Quenda aberta de intervencións.

A copia da acta do Claustro, que será sometida a aprobación, estará depositada na Secretaría dos centros a disposición dos seus membros.

En relación co 2º punto da orde do día, os membros do Claustro disporán ata as 14:00 horas do vindeiro día 27 de abril para a presentación, no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña, de suxestións ao devandito regulamento avaladas polo menos por quince claustrais.

A memoria de xestión 2005. Informe do Reitor para o Claustro atoparase na páxina web da UDC (Reitoría → Reitor → Documentos), a partir do martes día 25 de abril.

Lémbrese aos membros do Claustro que poden estacionar os seus vehículos no patio interior da Reitoría mentres dura a sesión.

A Coruña, 20 de abril de 2006

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Xosé Manuel Carril Vázquez

**SRES/AS MEMBROS DO CLAUSTRO**